

3.4

prestacións prestacións sanitarias e sociais sociais

A análise das prestacións sanitarias e sociais está dividida en 5 grandes apartados: indicadores de saúde, o Servicio Galego de Saúde (Sergas), transplantes e doazóns, prestacións farmacéuticas e, finalmente, prestacións sociais.

No primeiro deles analizaranse os indicadores básicos de saúde como son a morbilidade, mortalidade e sinistralidade. No apartado adicado ó Sergas, partindo dunha descrición dos seus presupostos, coméntanse variables como número de camas, actividade cirúrxica ou a lista de espera cirúrxica. En terceiro lugar preséntanse o número e tipo de transplantes realizados ó longo de 1999. Os estudo céntrase despois nas prestacións farmacéuticas en Galicia, analizando o volume de gasto farmacéutico total, tanto hospitalario como extrahospitalario, o gasto medio por titular, ou o gasto farmacéutico a través de receitas médicas. Finalmente, no que ás prestacións sociais se refire, este apartado subdivídese en dúas grandes áreas, a primeira cen-

trada nas perosas maiores, onde se tratan tanto as residencias como os programas de atención a maiores, e unha segunda área adicada á atención á infancia.

O punto de partida deste capítulo pode se-la presentación dos presupostos da Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social para os anos 1998 e 1999. Como reflicte o **cadro 3.4.1.**, o presuposto ascendeu a 614.801 millóns de pesetas, un 8,9% máis que no ano 1998. A sanidade acolleu 312.146 millóns de pesetas en 1999, un 5,2% máis que en 1998, e a educación un total de 226.989 millóns, fronte ós 197.177 millóns do ano anterior (un 15,1% superior ó de 1998).

Indicadores de saúde

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, o INE, Eurostat, a Dirección Xeral de Tráfico, o Ministerio de

CADRO 3.4.1.

Producción de bens públicos de carácter social 1998-99

	1998	1999	99/98
	(en miles de pesetas)		(%)
Sanidade	296.666	312.146	5,22
Educación	197.177	226.989	15,12
Outros servizos sociais e comunitarios	70.611	-	-
Vivenda e urbanismo	-	22.690	-
Total	564.454	614.801	8,92

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.4.2.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 1998-99

	1998	1999	99/98
	(en miles de pesetas)		(%)
Loita contra as drogodependencias	565.000	459.193	-18,73
Coordinación e formación da saúde pública	31.500	55.150	75,08
Actuación sobre factores psicosociais e hábitos de vida	85.732	94.375	10,08
Prevenção de enfermidades transmisibles	148.455	116.449	-21,56
Detección precoz do cancro de mama	244.810	244.861	0,02
Prevenção individualizada	23.681	18.300	-22,72
Vacinacións	708.851	710.000	0,16
Sistemas de información de saúde pública	83.438	95.184	14,08
Inspección e laboratorio saúde pública	184.627	182.206	-1,31
Programas sanitarios	206.420	206.041	-0,18
Control de riscos específicos	90.248	94.960	5,22
Control de riscos xerais		151.018	-
Control de industrias e alimentos	141.864	-	-
Total	2.514.626	2.427.737	-3,46

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Trabaja y Asuntos Sociales e o Sergas, basearase no estudio dos principais indicadores da mesma: a morbilidade, a mortalidade e a sinistralidade.

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, tal e como se recolle no **cadro 3.4.2.** En 1999 adicáronse un total de 2.427,7 millóns de pesetas, un 3,5% menos que o adicado o ano anterior. As dúas primeiras partidas foron as de vacinacións e a da loita contra as drogodependencias, con 710 e 459,2 millóns de pesetas, respectivamente.

• **Morbilidade.-**

No ano 1998 notificáronse un total de 185.257 casos de **gripe** en Galicia, **cadro 3.4.3.**, o que significa unha taxa de 6.815,3 casos por cada 100.000 habitantes. En 1999, segundo os datos referidos ó 17 de xullo, en Galicia houbo un total de 175.429 casos de gripe, que representa unha taxa por cada 100.000 habitantes de 6.453,8. Comparado co mesmo período do ano anterior, o número de casos aumentou nun 37,7%.

A **varicela** é a segunda enfermidade máis importante en canto ó número de casos, con

CADRO 3.4.3.

Enfermedades de declaración obligatoria 1998-99

	1998			1999 (1)		
	número de casos	taxa/100.000 hab.	IEAC (2)	número de casos	taxa/100.000 hab.	IEAC (2)
Gripe	185.257	6.815,3	1,28	175.429	6.453,8	1,82
Tuberculose respiratoria	1.434	52,8	1,07	759	27,9	0,90
Meninxite tuberculosa	21	0,8	-	10	0,4	-
Meninxites víricas	101	3,7	-	67	2,5	-
Enf. meningocócica	120	4,4	1,21	62	2,3	0,77
Enf. invasiva por Hib.	4	0,1	-	4	0,1	-
Varicela	9.380	345,1	0,74	8.370	307,9	0,95
Sarampelo	20	0,7	0,17	5	0,2	0,12
Rubéola	22	0,8	0,25	16	0,6	0,34
Parotidite	110	4,0	0,36	90	3,3	0,42
Tose ferina	14	0,5	1,17	8	0,3	1,33
Toxoinfeccións aliment.	1.325	48,7	1,16	478	17,6	0,71
F. tifoidea e paratifoidea	70	2,6	1,11	16	0,6	0,46
Hepatite A	39	1,4	0,41	24	0,9	0,80
Hepatite B	129	4,7	1,36	57	2,1	0,85
Outras hepat. víricas	404	14,9	3,61	203	7,5	2,60
Brucelose	27	1,0	0,61	11	0,4	0,55
Sífilis	54	2,0	1,69	37	1,4	1,68
Infec. Gonocócica	544	20,0	0,58	338	12,4	0,64
Disenteria bacilar	-	-	-	-	-	-
Tétano	-	-	-	-	-	-
Sífilis conxénita	-	-	-	-	-	-
F. exantemática med.	-	-	-	-	-	-
Paludismo	-	-	-	-	-	-
Lepra	-	-	-	-	-	-

(1) datos ata o 17-7-1999

(2) índice epidémico acumulado

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública, Boletín Epidemiolóxico de Galicia

9.380 casos e unha incidencia de 345,1 casos por cada cen mil habitantes. Ata o mes de xullo de 1999, declaráronse un total de 8.370 casos (307,9 casos por cada cen mil habitantes), o que supón un 21% máis que no mesmo período de 1998.

Os casos de **tuberculose respiratoria** notificados en 1998 foron 1.434, cifra similar á correspondente ó ano anterior (1.418 casos), cunha taxa por cada 100.000 habitantes de 52,8. Ata o mes de xullo de 1999, a tuberculose respiratoria presentou en Galicia un total de 759 casos, fronte ós 871 do ano anterior, o que representa unha taxa por cada 100.000 habitantes de 27,9.

No que a **sida** se refire, o **cadro 3.4.4.** reflicte un descenso do número de casos rexistrados en Galicia, pasando dos 140 casos de 1998 ós 119 de 1999. Os grupos de transmisión máis importantes son os de usuarios de drogas

por vía parenteral (UDVP), ó que corresponden o 59,7% dos casos (71 casos), e os de transmisión heterosexual, co 25,2% dos mesmos (30 casos).

Comparado cos anos anteriores, continúa o descenso en tódolos grupos de transmisión agás no caso de receptores de sangue, onde se produce un caso en 1999, a diferenza do acontecido en 1998, cando non se rexistrou ningún.

O **cadro 3.4.5.** recolle unha agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Ó igual que no ano 1997, os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, e asma con cc. maior son os que presentan a maior porcentaxe do total das altas, con 4,2% e 2,4%, respectivamente. Comparado co ano anterior, salienta o crecemento importante dos

CADRO 3.4.4.

Casos de Sida 1997-99: distribución segundo grupo de transmisión

	Casos totais	Homo/bisex.	Usuarios de drogas inyectables	Receptores Hemoderivados/Transfus.	Receptores sangue	Filios de nai con risco	Transm. Heterosexual	Descoñecida
1997	259	15	156	4	3	2	65	14
1998	140	12	85	2			32	9
1999	119	8	71	1	1		30	8

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública, Informe do Rexistro Galego da Sida

CADRO 3.4.5.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 1997-98

	1997		1998	
	% do total das altas	Estadía media	% do total das altas	Estadía media
Parto sen complicacións	4,50	3,60	4,20	3,48
Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía	2,30	2,20	1,68	2,21
Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior	1,90	13,50	2,37	12,47
Insuficiencia cardíaca e choque	1,60	9,90	1,78	9,41
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	1,60	10,30	1,43	9,55
Reimplant. maior art. e membro extr. inferior sen infección	1,60	16,10	1,48	15,45
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	1,50	8,30	1,50	7,86
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	1,30	14,60	1,45	13,54
Parto con complicacións	1,30	4,30	1,17	4,16
Esofagite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade > 17 sen cc.	1,20	6,10	1,12	6,60

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos
 Fonte: Sergas

CADRO 3.4.6.

Mortalidade proporcional 1995-96

	1995	1996
Circulatorio	41,06	40,65
Tumores	24,61	25,21
Respiratorio	10,91	10,90
Causa externa	5,19	5,11
Dixectivo	4,45	4,39
Resto	13,78	13,75
Total	100,00	100,00

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

CADRO 3.4.7.

Taxa de anos potenciais de vida perdidos ⁽¹⁾ 1995-96: distribución por sexos e causa

		1995			
Homes		Mulleres		Total	
Trastorno mecanismo inmunidade	5,9	Tumor maligno mama da muller	2,6	Trastorno mecanismo inmunidade	3,7
Colisión vehículo motor NSP	5,3	Trastorno mecanismo inmunidade	1,5	Colisión vehículo motor NSP	3,3
Tumor maligno de tráquea/pulmón	4,7	Colisión vehículo motor NSP	1,3	Tumor maligno de tráquea/pulmón	2,5
Infarto agudo miocardio	4,2	Enfermidade hepática crónica/cirrose	0,9	Infarto agudo miocardio	2,4
Perda control vehículo motor	3,7	Tumor maligno anexos uterinos	0,8	Perda control vehículo motor	2,2
		1996			
Homes		Mulleres		Total	
Trastorno mecanismo inmunidade	5,9	Tumor maligno mama da muller	2,2	Trastorno mecanismo inmunidade	3,7
Colisión vehículo motor NSP	5,0	Trastorno mecanismo inmunidade	1,5	Colisión vehículo motor NSP	3,1
Infarto agudo miocardio	4,8	Colisión vehículo motor NSP	1,2	Infarto agudo miocardio	2,8
Tumor maligno de tráquea/pulmón	4,8	Enfermidade hepática crónica/cirrose	0,9	Tumor maligno de tráquea/pulmón	2,7
Perda control vehículo motor	3,4	Infarto agudo miocardio	0,8	Perda control vehículo motor	1,9

Fonte: Servicio Galego de Saúde

trastornos respiratorios, que pasan do 1,9% de 1997 ó xa mencionado 2,4% de 1998.

En relación á estadía media, tres destes diagnósticos (trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior, trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT, e reimplant. maior art. e membro extremidade inferior sen infección) presentan unha estadía media particularmente elevada, aínda que descende nos catro grupos con respecto ó ano anterior.

• Mortalidade.-

A distribución porcentual da mortalidade por causas no ano 1995 foi moi similar á do resto dos países desenvolvidos: as enfermidades cardiovasculares, os tumores e as enfermidades do aparato respiratorio ocupan os tres primeiros lugares (cadro 3.4.6.).

As **taxas de mortalidade** brutas e específicas por causas valoran tódalas mortes nas mesmas condicións, sen ter en conta a idade á que esta se produce. Esta consideración, especialmente relevante desde o punto de vista sanitario, pódese valorar axeitadamente a través dos anos potenciais de vida perdidos (APVP),

como unha medida que informa tanto da importancia cuantitativa (número) como cualitativa (idade de presentación) das mortes ocorridas (cadro 3.4.7.).

A mortalidade por grupos de idade permite obter un dos mellores indicadores globais de saúde dunha poboación como é a **esperanza de vida**. Informa do número medio de anos que lle restarían por vivir a unha persona se se mantivesen as actuais taxas de mortalidade por grupos de idade. En Galicia, este indicador é de 73,6 anos nos homes e de 81,6 nas mulleres, estando esta última por riba da media da Europa dos quince (en 1996) e entre as máis altas do mundo, tal e como amosa o **cadro 3.4.8**.

• Sinistralidade.-

No concernente á sinistralidade, cómpre distinguir entre aquela causada por accidentes de tráfico e ós accidentes laborais. O **cadro 3.4.9**. reflicte que en Galicia, en 1999, descende tanto o número de **accidentes de tráfico** con vítimas como o número de persoas falecidas nos mesmos. Comparado co total estatal, o peso relativo dos accidentes galegos descende dende o 11,2% de 1998 ata os 10,8% de 1999, en tanto que o peso relativo das persoas faleci-

CADRO 3.4.8.

Esperanza de vida ó nacer 1996

(en anos)

	Homes	Mulleres
A Coruña	73,2	81,5
Lugo	74,2	81,9
Ourense	74,5	81,9
Pontevedra	73,8	81,6
Total	73,6	81,6
España	74,4	81,6
UE-15	74,0	80,5

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e Eurostat

CADRO 3.4.9.

Accidentes mortais de tráfico 1998-99

	1998		1999	
	Accidentes mortais	Persoas mortas	Accidentes mortais	Persoas mortas
Galicia	405	546	394	460
A Coruña	146	202	159	173
Lugo	72	98	87	105
Ourense	42	49	38	48
Pontevedra	145	157	110	134
España	3.613	4.289	3.642	4.280
G/E (%)	11,2	12,7	10,8	10,7

(1) ata 30-11-1998

Fonte: Dirección General de Tráfico

CADRO 3.4.10.

Accidentes laborais con baixa 1998-99

	1998	1999
Galicia	36.612	41.403
A Coruña	14.005	15.999
Lugo	3.956	4.290
Ourense	3.437	3.591
Pontevedra	15.214	17.523
España	752.882	867.772

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

das descende do 12,7% de 1998 ata o 10,7% de 1998.

Por provincias, A Coruña foi a que sufriu o maior número de accidentes mortais, con 159, seguida de Pontevedra con 110 sinistros. Comparado co ano anterior, aumenta o número de accidentes nas provincias de A Coruña e Lugo (13 e 15 accidentes mortais máis que en 1998),

descendendo nas provincias de Pontevedra e Ourense en 35 e 4 accidentes, respectivamente.

No caso das persoas falecidas, A Coruña e Pontevedra seguen sendo as que presentan un maior número de falecementos, con 173 e 134 persoas. Comparado co ano anterior, descende o seu número en tódalas provincias agás en Lugo, onde o número de falecidos pasa de 98 a 105.

CADRO 3.4.11.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais concertados do Sergas a 31-12-1999

	Camas instaladas	Camas funcionantes
Hospital Cengas 1, S.A.	94	44
Centro Oncolóxico de Galicia	100	100
Instituto Médico-Cirúrxico San Rafael	225	225
Hospital Xeral Juan Cardona	259	259
Sanatorio Cirúrxico Modelo S.A.	110	100
Instituto Policlínico A Rosaleda S.A.	86	63
Sanatorio N. Sra. da Esperanza	40	40
Policlínico Lucense S.A.	137	109
Sanatorio N. Sra. dos Ollos Grandes	47	47
Centro Médico El Carmen S.A.	49	49
COSAGA	74	74
Sanatorio N. Sra. de la Merced S.L.	49	49
Sanatorio Miguel Domínguez	114	114
Sanatorio Médico-Cirúrxico Santa Rita S.L.	44	44
Sanatorio Santa María S.L.	71	43
Centro Médico Gallego S.A. (Clínica Fatima)	200	200
Centro Médico El Castro Vigo S.A.	53	53
Centro Cirúrxico Santa Cristina-El Magnolio S.L.	40	40
Clínica Cirúrxica N. Sra. do Pilar S.L.	40	40
Hospital da Cruz Roja	70	70
Policlínico Vigo S.A.	486	385
Sanatorio Concheiro-Raconsa S.L.	18	18
Instituto Policlínico Santa Teresa S.A.	135	135
Sanatorio Marescot S.L.	70	54
Total	2.611	2.355

Fonte: Sergas

No caso dos **accidentes laborais** con baixa, éstos aumentaron ó longo do ano 1999 un 13,1% para situarse nos 41.403 accidentes, fronte ós 36.612 do ano anterior. Comparado co que acontece en España, en Galicia producíronse en 1999, ó igual que en 1998, ó redor do 4,8% dos accidentes laborais no conxunto do estado.

Por provincias, o **cadro 3.4.10.** amosa que en 1999 aumenta a concentración dos accidentes laborais nas provincias de Pontevedra e A Coruña, que acollen o 81% dos accidentes laborais de Galicia fronte ó 79,8% do ano anterior.

Do total dos accidentes laborais con baixa, un 2,53%% (1.048) foron graves ou mortais en 1999, porcentaxe similar á do ano anterior, cando fora do 2,50% (917 accidentes).

O Servicio Galego de Saúde

O estudo do Sergas comeza coa descrición dos seus presupostos. Polo lado dos ingre-

sos, o **cadro 3.1.6.** (*Presupostos de ingresos e gastos dos organismos autónomos administrativos 1999*) reflicte que a principal fonte de ingresos son as trasferencias correntes, que representan o 98,8% dos ingresos do Sergas.

Polo lado dos gastos, éstos crecen, en parte, pola posta en marcha dos novos hospitais xestionados polas fundacións da Barbanza e Virxe da Xunqueira, e pola repercusión do gasto correspondente a receitas médicas. O **cadro 3.2.8.** (*Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais 1998-99: distribución dos créditos por programas*) reflicte os programas de gastos do Sergas, onde os máis importantes, ó igual que no ano anterior, son os de atención especializada e o de atención primaria de saúde, con 183.243,7 e 111.057,6 millóns de pesetas, respectivamente.

Os programas de atención especializada englobarían un conxunto de actividades sanitarias desenvolvidas nos centros e polo persoal especializado do sistema sanitario, baixo o

CADRO 3.4.12.

*Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do
Sergas 1998-99* ⁽¹⁾

1998		
Hospitais	Camas instaladas	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo	1.304	1.268
C.Universitario de Santiago	1.064	1.064
C.H. Xeral-Calde	720	718
C.H. Cristal Piñor	671	655
C.H. Xeral Cies	675	653
H. Meixoeiro con Medtec	419	419
C.H. Arq. Marcide	458	399
H. Montecelo	332	332
H. Prov. de Pontevedra	333	333
H.C. da Costa	124	124
H.C. de Monforte	137	137
H.C. de Valdeorras	84	84
H.Sta. María Nai	274	274
H. Nicolás Peña	80	80
Total	6.675	6.540

1999		
Hospitais	Camas instaladas	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo	1.300	1.300
C.Universitario de Santiago	1.165	1.165
C.H. Xeral-Calde	720	719
C.H. Ourense	945	920
C.H. Xeral Cies	675	651
H. Meixoeiro con Medtec	419	409
C.H. Arq. Marcide	458	395
C.H. Pontevedra	640	640
F.P.H. da Barbanza	84	84
F.H. Virxe da Xunqueira	76	74
H.C. da Costa	122	122
H.C. de Monforte	139	139
H.C. de Valdeorras	82	82
F.H. de Verín	70	70
H. Nicolás Peña	79	79
Total	6.974	6.849

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Sergas

seguinte esquema: Centros de atención especializada ambulatoria; Centros hospitalarios xestionados e administrados polo Servicio Galego de Saúde; Servicios de asistencia especializada concertada; e Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos ou de rehabilitación.

Pola súa banda, os programas de atención primaria de saúde acolle as accións encamiñadas a conseguilo mantemento e mellora do nivel de atención primaria. Así mesmo, forman parte deste programa a prestación farmacéutica e o gasto da actividade propia de atención primaria prestada con recursos patrimoniais alle-

os. Teñen como funcións fundamentais a promoción, a protección e a recuperación da saúde.

Os **cadros 3.4.11. e 3.4.12.** amosan que os hospitais do Sergas, propios ou concertados, contaban en 1999 cun total de 9.585 **camas** instaladas, ascendendo o número de camas funcionantes a 9.204 camas. Os 24 hospitais concertados do Sergas acollen 2.611 camas instaladas (o 27,2% do total) e 2.355 camas funcionantes (o 25,6%) en 1999.

No que á **actividade cirúrxica** nos hospitais do Sergas se refire, en 1999 realizáronse un total de 132.166 intervencións, 191 interven-

CADRO 3.4.13.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 1998-99

	1998	1999	Intervencións ambulatorias		
			1997	1998	1999
A Coruña	54.190	58.099	17.752	17.284	
Lugo	17.936	17.670	4.823	5.826	
Ourense	18.266	19.684	5.111	5.896	
Pontevedra	41.965	36.713	14.087	14.222	
Total	132.357	132.166	41.773	43.228	

	Intervencións programadas	Intervencións urxentes
1997	105.895	29.285
1998	103.975	28.382
1999	102.273	29.893

Fonte: Sergas

CADRO 3.4.14.

Lista de espera cirúrxica nos hospitais do Sergas 1997-99

	1997	1998	1999
Menos de tres meses	11.695	10.739	
Entre 3 e 6 meses	4.570	3.436	
Máis de 6 meses	532	36	
Total	16.797	14.211	17.466
Demora media (1)	74,2	65,2	66,4

(1) en días

Fonte: Sergas

cións menos que no ano anterior, das que 102.273 foron intervencións programadas e as outras 29.893 foron intervencións urxentes (cadro 3.4.13.).

Atendendo á súa desagregación provincial, o devandito cadro reflicte un aumento no número de intervencións totais nas provincias de A Coruña (3.909 intervencións máis) e Ourense (1.418 máis), en tanto que Pontevedra e Lugo presentan un descenso no mesmo (5.252 e 266 intervencións menos, respectivamente).

O cadro 3.4.14. reflicte a lista de espera cirúrxica nos hospitais do Sergas e amosa un aumento da demora media respecto ó ano ante-

rior, que pasa dos 65,2 días de 1998 ós 66,4 días de 1999.

Transplantes e doazóns

Respecto ós transplantes en Galicia nos anos 98 e 99, o cadro 3.4.15. amosa o aumento dos mesmos: o seu número pasa dos 801 transplantes de 1998 ós 876 de 1999. Entre os transplantes de órganos, 273 en 1999, predominan os transplantes de ril (123) e fígado (102), realizándose en 1999 un de páncreas e 7 de pulmón. Entre os transplantes de tecidos, os máis importantes corresponden ós de óseo, que aumentan un 39,9% respecto ó ano anterior acadando os 277 transplantes.

CADRO 3.4.15.

Transplantes e doazóns de órganos e tecidos 1998-99

Transplantes		1998	1999				
Organos							
	Ril	278	273				
	Corazón	143	123				
	Fígado	38	40				
	Pulmón	97	102				
	Páncreas		7				
			1				
Tecidos		523	603				
	Prox. hemat.	135	126	1998		1999	
				número	doazóns por millón de	número	doazóns por millón de
	Córneas	148	153		habs.		habs.
	Oseo	198	277				
	Seg. vasc.	36	43	A Coruña	51	45,9	55
	Pel			Lugo	4	10,8	1
	Válvulas cardíacas	6	4	Ourense	10	28,8	18
				Pontevedra	18	19,7	15
Total		801	876	Total	83	30,3	89
							32,7

Fonte: Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia

CADRO 3.4.16.

Gasto farmacéutico 1998-99

		1998	1999	99/98
		(en millóns de pesetas)		(%)
Galicia				
	Extrahospitalario	69.203	77.574	12,10
	Hospitalario	12.086	13.761	13,86
	Total	81.289	91.335	12,36
España				
	Total (1)	946.803	1.041.009	9,95

(1) inclúe tódalas CC.AA. transferidas e Insalud xestión directa
Fonte: Sergas

CADRO 3.4.17.

Prestación farmacéutica 1998-99

		1998	1999	99/98
				(%)
Titulares con dereito a asistencia		2.435.382	2.529.527	3,87
	Activos	1.642.090	1.720.241	4,76
	Pensionistas	793.292	809.286	2,02
Receltas facturadas		38.186	39.011	2,16
	Activos	11.155	11.198	0,39
	Pensionistas	27.031	27.813	2,89
Gasto por receita		1.812	1.989	9,77
	Activos	1.337	1.442	7,85
	Pensionistas	2.009	2.208	9,91
Gasto farmacéutico medio por titular		28.416	30.668	7,92
	Activos	9.079	9.389	3,41
	Pensionistas	68.443	75.899	10,89
Gasto farmacéutico a través da receita médica		69.203	77.574	12,10
	Activos	14.908	16.150	8,33
	Pensionistas	54.295	61.423	13,13

Fonte: Sergas

CADRO 3.4.18.

Gasto en receitas médicas 1998-99

	Gasto		Receitas		Gasto/receitas	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999
	(en pesetas)				(en pesetas)	(%)
A Coruña	26.662.188.864	29.851.280.958	14.864.612	15.202.471	1.794	1.964
Lugo	11.360.978.865	12.843.270.090	6.097.828	6.236.338	1.863	2.059
Ourense	10.600.947.027	11.832.933.701	5.782.397	5.880.568	1.833	2.012
Pontevedra	20.579.308.710	23.047.292.035	11.441.418	11.692.181	1.799	1.971
Total	69.203.423.466	77.574.776.784	38.186.255	39.011.558	1.812	1.989

Fonte: Sergas

En canto ás doazóns, en 1999 realizáronse un total de 89, 6 máis que no ano anterior, polo que o número de doazóns por cada millón de habitantes ascendeu a 32,7 (30,3 no ano 1998). Po provincias, A Coruña presenta o maior número das mesmas, con 55, catro máis que no ano anterior, seguida de Ourense, con 18 (8 máis que en 1998).

Prestacións farmacéuticas

O gasto farmacéutico total en Galicia ascendeu en 1999 a 91.335 millóns de pesetas, o que representa o 8,8% do total do gasto español. Comparado co ano anterior, o gasto farmacéutico medra en Galicia un 12,4%, mentres que este crecemento foi 10% no conxunto do estado.

A parte máis importante do gasto farmacéutico é o gasto extrahospitalario, con 77.574 millóns de pesetas, un 12,1% máis que no ano anterior, que supón o 84,9% do gasto total. O gasto hospitalario (13.761 millóns de pesetas) medra un 13,9% respecto ó ano anterior (**cadro 3.4.16.**).

O gasto medio por titular ascendeu a 30.668 pesetas en 1999, fronte ás 28.416 pesetas do ano anterior, sendo o gasto farmacéutico medio por pensionista de 75.899 pesetas (**cadro 3.4.17.**).

O **cadro 3.4.17.** reflicte que o número de titulares con dereito a asistencia ascendeu a 2.529.527 persoas, das que 809.286, o 32%, son pensionistas. O número de receitas facturadas por estas persoas ascendeu a 27.813 miles de receitas, cun gasto medio por receita de 2.208 pesetas, cando o gasto medio por receita en Galicia foi de 1.989 pesetas.

O gasto farmacéutico a través de receitas médicas ascendeu a 77.574 millóns de pesetas, un 12,1% superior ó de 1998, correspondendo

un gasto de 61.424 millóns ós pensionistas, e os outros 16.150 millóns, ós activos.

Atendendo á desagregación do gasto por provincias, o **cadro 3.4.18.** reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto en receitas médicas, con 29.851 millóns de pesetas, seguida de Pontevedra, con 23.047 millóns. Non obstante, é a provincia de Lugo a que presenta un maior gasto por receita, con 2.059 pesetas, seguida de Ourense, con 2.012 pesetas.

Prestacións sociais

No concernente ás prestacións sociais, na área das **persoas maiores**, en 1999 había un total de 3.245 prazas residenciais públicas, propias ou concertadas, fronte ás 3.155 do ano anterior. Estas prazas repártense entre 23 residencias propias da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais (na provincia de A Coruña hai un total de 7, 6 en Lugo, e 5 nas provincias de Ourense e Pontevedra), cun total de 2.642 prazas, 7 residencias da iniciativa social (6 en Ourense e unha en Pontevedra), coas que se suscribiu un concerto de reserva de 350 prazas, e 8 residencias de iniciativa privada (2 en A Coruña, unha en Lugo e Ourense e 4 en Pontevedra), cun total de 253 prazas.

O **cadro 3.4.19.** reflicte a distribución provincial das prazas nas residencias públicas. Pontevedra e A Coruña acollen o mesmo número de prazas, con 914. A diferenza entre ambas dúas radica en que, mentres en A Coruña 894 corresponden a prazas en centros de titularidade pública, en Pontevedra son 678.

Atendendo á desagregación en canto persoas válidas ou asistidas, das 603 prazas residenciais nos centros concertados, 532 corresponden a persoas asistidas (o 88,2%), en tanto que nos centros de titularidade propia esta porcentaxe é do 47,6%.

CADRO 3.4.19.

Prazas nas residencias da terceira idade públicas 1998-99

1998					
	Titularidade propia		Titularidade concertada		Total
	Válidos	Asistidos	Válidos	Asistidos	
A Coruña	421	464	-	10	895
Lugo	456	209	-	30	695
Ourense	254	137	14	256	661
Pontevedra	378	300	57	169	904
Total	1.509	1.110	71	465	3.155

1999					
	Titularidade propia		Titularidade concertada		Total
	Válidos	Asistidos	Válidos	Asistidos	
A Coruña	369	525	-	20	914
Lugo	437	222	-	30	689
Ourense	200	211	14	303	728
Pontevedra	378	300	57	179	914
Total	1.384	1.258	71	532	3.245

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 3.4.20.

Programas de atención ós maiores 1998-99

	1998		1999	
	Beneficiarios	Presuposto (en pesetas)	Beneficiarios	Presuposto (en pesetas)
Programa de centros de día	78	4.397.609		
Programa de estancias temporais	140		186	
Programa de acollemento familiar de persoas maiores	451	222.189.396	405	200.741.759
Programa de turismo social	4.105	72.994.838	4.605	85.273.800
Programa «Arte nas túas mans»	300	6.725.000	330	7.300.000
Programa «Lembrando ós nosos maiores en Cuba»		5.800.000		9.859.850
Programa campaña concertada para o Nadal	3.000	17.870.000		12.300.000
Peregrinación Xacobeas dos maiores			10.000	11.865.000
Programa de apoio social ás persoas maiores con demencias e ós seus coidadores (1)				
Programa para a formación permanente de adultos			2.100	28.000.000

(1) O total de prazas do programa ascendeu a 120. Os beneficiarios contribuíron ó financiamento da estadia cun pago de 35.000 pesetas/persoas/turno, asumindo a Fundación Barrié de la Maza e maila Consellería de Sanidade e Servizos Sociais o resto; existindo unha reserva de 36 prazas gratuítas para aquelas persoas que acreditaron atoparse en situación de precariedade económica.

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

No ano 1999 levarónse a cabo unha serie de programas de atención ós maiores entre os que destacan os reflectidos no **cadro 3.4.20**. A *Peregrinación Xacobeas dos maiores* foi a que maior número de beneficiarios acolleu, cunhas 10.000 persoas (un presuposto de 11,9 millóns de pesetas), seguida do programa de Turismo Social, con 4.605 beneficiarios (85,3 millóns de presuposto). O programa de acollemento familiar de persoas maiores foi o que tivo o maior

presuposto, con 200,7 millóns de pesetas en 1999.

No que á atención á **infancia** se refire, dentro dos recursos propios da administración, houbo un total de 22 centros adicados á infancia de titularidade da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Estes 22 centros acollen a un total de 1.924 nenos, dos que 1.354 son bebés de idades com-

CADRO 3.4.21.

Nenos atendidos nos centros infantís dependentes da Consellería de Familia 1998-99

	1998			1999		
	0 a 3 anos	3 a 6 anos	Total	0 a 3 anos	3 a 6 anos	Total
A Coruña	498	136	634	424	184	608
Lugo	257	79	336	265	66	331
Ourense	194	113	307	209	99	308
Pontevedra	453	251	704	456	221	677
Total	1.402	579	1.981	1.354	570	1.924

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 3.4.22.

Centros e servizos infantís subvencionados pola Consellería de Familia 1998-99: centros dependentes de Corporacións Locais

	1998				1999			
	Mantemento		Investimento		Mantemento		Investimento	
	Contía (en miles de pesetas)	Centros	Contía (en miles de pesetas)	Centros	Contía (en miles de pesetas)	Centros	Contía (en miles de pesetas)	Centros
Centros infantís municipais	126.652,5	28	112.000,0	12	137.194,0	29	112.000,0	12
Atención á infancia no medio rural	30.897,0	15			30.897,0	15		
Total	157.549,5	43	112.000,0	12	168.091,0	43	112.000,0	12

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 3.4.23.

Centros infantís subvencionados pola Consellería de Familia 1998-99: centros dependentes de institucións de iniciativa social

	1998					
	Garderías subvencionadas		Contía das subvencións		Prazas subvencionadas	
	Mantemento	Investimento	Mantemento (en pesetas)	Investimento		
A Coruña	28	27	44.239.700	14.649.406	1.391	
Lugo	2	2	5.918.440	948.841	59	
Ourense	2	2	4.015.440	187.490	73	
Pontevedra	29	24	140.616.860	18.214.263	2.397	
Total	61	55	194.790.440	34.000.000	3.920	

	1999					
	Garderías subvencionadas		Contía das subvencións		Prazas subvencionadas	
	Mantemento	Investimento	Mantemento (en pesetas)	Investimento		
A Coruña	28	17	43.183.815	16.575.652	1.300	
Lugo	1	1	5.214.000	1.521.888	25	
Ourense	2	2	5.665.000	1.200.819	57	
Pontevedra	29	15	151.361.184	14.701.641	2.269	
Total	60	35	205.423.999	34.000.000	3.651	

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

prendidas entre 0 e 3 anos e 570, rapaces de entre 3 e 6 anos.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 3.4.21.** amosa que os 8 centros da provincia de A Coruña acollen a 608 nenos, e os 7 centros de Pontevedra a 677. É dicir, estes 15 centros acollen ó 66,8% dos nenos atendidos nestes centros infantís galegos.

A Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Administración Central, levou a cabo unha política incentivadora ante os concellos para a creación e xestión de diversos tipos de recursos infantís. O **cadro 3.4.22.** recolle os centros e servicios subvencionados dependentes de corporacións locais. En 1999 as subvencións para o mantemento e o investimento nestes centros ascendeu a 168,1 e 112 millóns de pesetas.

Funcionan tamén centros dependentes de entidades de iniciativa social, ós que a Consellería concedeu en 1999 subvencións por un valor de 239,4 millóns de pesetas. O número de garderías subvencionadas foi de 95 e o número de prazas subvencionadas ascendeu a 3.651, tal e como reflicte o **cadro 3.4.23.** ■

